



**Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 16 de outubro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**"PUNTO DÉCIMO TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSUAL, INSPECTORA E RECADATORIA DO CONCELLO DE AMES NON DELEGADAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-"**

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 2 de outubro de 2014 realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento de **contratación do servizo para a colaboración na xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria do concello de Ames non delegadas na deputación provincial da Coruña.**

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o devandito servizo.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da alcaldía (decreto 751/2011), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Adxudicar a realización do servizo para a colaboración na xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria do concello de Ames non delegadas na deputación provincial da Coruña á empresa Gestión tributaria territorial S.A.U, con CIF B- A81957367, e nas seguintes condicións:

**A.- Prezo:** O importe da oferta do antedito licitador ascende ao seguinte prezo

a) servizo de colaboración na inspección 21% (sen IVE) da débeda descuberta por esta vía, ingresada e que adquirise firmeza.

b) Para a colaboración no resto da materia obxecto do contrato: 79.000 €/ ano (sen IVE), así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

**B. Duración do contrato:** o Contrato terá unha duración máxima de execución de dous anos a contar desde a data de formalización do contrato, podendo prorrogarse anualmente mediante acordo expreso do órgano de contratación ata un máximo de catro anos.


**C.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumplir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

**Segundo.-** Facultar ao señor alcalde, don Santiago V. Amor Barreiro, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a dezaseis de outubro de 2014, e coa advertencia de que non foi aprobada ainda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace  
O alcalde

Santiago V. Amor Barreiro



A secretaria accidental

